

# Sociedades de gando vacún no concello de Coirós

MANUEL FIAÑO SÁNCHEZ\*

## Sumario

Neste traballo descríbese a creación e funcionamento de dúas sociedades de gando vacún do concello coruñés de Coirós, a comezos do século XX. A través do estudo dos documentos oficiais de ambas sociedades, coñecemos os seus fins, composición das distintas xuntas directivas, veciños que forman parte das mesmas e a contabilidade de diversos exercicios económicos, así como outros datos de interés.

## Abstract

This work describes the creation and functioning of two cattle-breeders' societies in Coirós, Corunna, at the beginning of the 20th century. Through the study of the official documents of both societies we know their aims, the composition of various committees, the members, and the financial accounts of various economic exercises as well as other items of interest.

## 1. SOCIEDAD PROTECTORA DE GANADOS VACUNOS DE COIRÓS

### 1.1. Introducción

Nos primeiros meses do ano 1918, nace en Coirós unha asociación de propietarios de gando vacún, que vai agrupar a varios veciños da parroquia de San Xulián de Coirós e que se denominará «*Sociedad Protectora de Ganados Vacunos de la parroquia de San Julián de Coirós*», tal como se establece no seu Regulamento, aprobado o día un de xaneiro de mil novecentos dezaoto.

Posteriormente, a sociedade denominárase simplemente «*Sociedad Protectora de Ganados Vacunos de Coirós*», segundo a documentación analizada para este traballo. Pese á súa denominación municipal, o seu ámbito vaise circunscribir á parroquia de San Xulián de Coirós.

Existe algunha discrepancia na documentación sobre a data concreta de constitución da mesma. O Regulamento da sociedade apróbase e asínase o día un de xaneiro de mil novecentos dezaoto, e presentase no Goberno Civil para a inscrición da sociedade o día 9 de febreiro. Sen embargo, non se remite a Acta de constitución, e despois dun requirimento do Gobernador, esta remítese en data doce de marzo. Nesa certificación da acta de constitución que se remite ao Goberno Civil, consta a data de: «*En Coirós a ocho de marzo de mil novecientos dieciocho, bajo la presidencia de D. Antonio Riva Vázquez, se reunieron los Sres. Vocales de la Junta Directiva de la sociedad protectora de ganados vacunos de esta que al margen se expresan, en el local designado como domicilio legal*

---

\* **Manuel Fiaño Sánchez**, natural do concello de Coirós (A Coruña) ten publicado diversos artigos sobre a historia do seu concello natal. Colaborador habitual da revista «*As 4 aldeas*», publicada pola S.C.R.D. Fillos de Ois. Autor do libro «*Coirós por dentro*», editado pola Deputación de A Coruña. Coautor do traballo «*Sociedade Hijos del Ayuntamiento de Coirós 1906-2006*» editada con motivo do centenario da creación desta institución de emigrantes de Coirós en Bos Aires.

de la misma, con el fin de celebrar Junta general y proceder a constituir legalmente la Sociedad».


Polo tanto, parece que cando se procede a constituír legalmente a sociedade, esta xa tiña o Regulamento aprobado e Xunta Directiva elixida. En certificacións posteriores emanadas da propia sociedade, dáse como data de constitución o día nove de febreiro dese ano, data en que tivo entrada o Regulamento no Goberno Civil. Como queira que sexa, daremos por boa a data do 8 de marzo de 1918, como a de constitución da Sociedade Protectora de Ganados Vacunos de Coirós.

Constituída a sociedade e aprobadas as normas polas que habería de rexerse, os socios acordan designar como domicilio legal da mesma a casa do socio Francisco Riva Díaz.

Segundo o artigo 1º do seu regulamento, a sociedade tiña como obxecto «redimir a los socios que la compongan de la pérdida que puedan tener en los animales o ganados incluidos en la misma». E para isto, cada socio debía abonar unha cota de entrada que ascendía a unha peseta e vinte e cinco céntimos por cada res que quixera asegurar, ademais do pago mensual de vinte e cinco céntimos de peseta. Os pagos mensuais faríanse efectivos o primeiro día de cada mes no domicilio do Depositario Recadador da Sociedade.

Os animais que se pretendera asegurar debían estar sans e en boas condicións a xuízo da Xunta Directiva, quen podía nomear a dous árbitros co fin de examinalas previamente. Como contrapartida ás achegas feitas, a sociedade abonaría por cada animal asegurado que morrera o seu valor, que sería taxado por dous socios nomeados polo Presidente. Nunha posterior modificación do Regulamento, aprobada no ano 1931 estableceuse que o valor de cada res que morrera non podería ser superior a cincocentas pesetas (500 pts.).


En canto ás crías das vacas aseguradas que morreran despois dos dez días e antes dos dez meses de idade, serían abonadas pola sociedade de igual xeito que as vacas, polo seu valor. Tamén este articulo sería modificado no ano 1931, no sentido de que en vez de ser ata os dez meses de idade, fora ata os seis meses, e despois desa idade quedaría a cría a cargo do dono da vaca. Sen dúbida, os administradores víronse na obriga de limitar os



gastos producidos por unhas indemnizacións con valoración moi variable.

Da importancia que a pel dos animais mortos tiña naquela época, da conta o estipulado no propio regulamento da sociedade, ao establecer que quedaría a beneficio do dono da res morta. Este sistema de valoración de reses por parte de dous socios gozaba dunha certa garantía, a través da apelación que podía facer o dono que non estivera de acordo co valor sinalado, nomeando no seu caso o Presidente a outros tres socios de lugares diferentes, sendo a súa valoración inapelable. Pero os socios non só recibían compensación pola perda do animal, senón que tamén se abonaba a perda de algún dos cornos da res, polo valor que esta desmerecera coa perda, segundo a valoración da Directiva.

Dentro dos seus deberes para coa sociedade, tiñan a obriga de comunicar calquera golpe casual que recibira unha res asegurada. Establecíase tamén que se os fondos da Sociedade non chegaran para cubrir as perdas habidas, os socios debían abonar unha derrama entre todos e en proporción ao número de cabezas aseguradas.



## 1.2. Nómima de Socios

Non hai constancia do número total de Socios que constituíron a Sociedade Protectora de Ganados Vacúns de Coirós, ao longo da súa existencia. O que si está documentado é a nómina de Socios que a integraban no ano 1929, segundo Certificación do Secretario da entidade a requirimento do Gobernador Civil, e aos efectos de dar cumprimento da Circular nº 5029 do Goberno Civil da provincia da Coruña.

A citada Certificación copiada literalmente di:

«D. Agustín Tomé Fernández, Secretario de la Sociedad Protectora de ganados de Coirós. Para dar cumplimiento al Circular nº 5029 del Boletín oficial del 13 del actual.

Certifico que según aparece en los libros de contabilidad y inscripción de esta Asociación la componen 75 socios que son los señores siguientes:

Antonio Riva Vázquez, Antonio Barallobre Gayoso, Antonio Raposo Barreiro, Jesús Riva Hermida, Antonio Fuentes, José Vara, Antonio García, Pedro Valledepaz Blanco, Manuela García Valiño, José Purriños Castrillón, Pedro López, Fernando Otero, José Mosquera Castro, Leonardo Sánchez, Agustín Tomé Fernández, José Gayoso Tomé, Francisco Cotos, José Fraga Bugallo, Eugenio Crespo, Manuela Crespo, Manuela Rodríguez, Vitorio López, Antonia Pérez, Rafael Varela, José López Seoane, Domingo Valeiro Vía, Francisca Riva, Francisca Noguero, Ramón Mahía, José Balado, José Sánchez, Manuela Rodríguez, Rosa Crespo, Angel Vázquez, Andrea Boado, Manuel Carro Vales, Dolores Varela, Domingo Paz, José Neira, Mercedes Santaya, Domingo Docampo Vázquez, José Rodríguez, José Golpe, Manuel Rivera, Juan Fuentes, Andrea Naveira, Antonio Mosteiro,

José Folla, Pedro Vara, Manuel Lage, Martín López, Antonia Nodar, José Blanco, Angel Castro, Hilario López, José Otero, Antonio Fagil, José Riva, Antonio Carro, Antonio Faraldo, Manuel Lata, Roque Pérez, Daniel Maceiras, Luis García, Antonio Mosquera, Andrés Gayoso, Eduardo Faraldo, Ramón Braba, Melchor Gómez, Andrés Sánchez, Manuel Pérez, Pedro Vara, Antonio Riva, Benito Faraldo, José Sánchez, Manuel Lage.

Resalta a presenza dun total de 13 mulleres que figuran á fronte da economía familiar e da explotación gandeira, representando o 17% do total de socios, unha porcentaxe importante dada a estrutura de dominio masculino na vida familiar, e que se debe probablemente á situacións de viudedade ou mesmo de emigración.

### 1.3. Xuntas Directivas

Tal como establecía o propio Regulamento da sociedade, a xunta directiva estaría formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Depositario, tres Vocais e un Porteiro avisador. Os socios que a compoñían eran elixidos para os seus cargos por un período de dous anos.

Esta Xunta Directiva celebraba reunións con periodicidade mínima trimestral, establecéndoa nos últimos domingos dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro. Tamén podía reunirse cando o estimara conveniente o Presidente ou cando así o solicitaran as dúas terceiras partes dos seus membros. Ademais, os socios reuniríanse en xunta xeral dúas veces ao ano, nos meses de xuño e decembro, ou cando foran convocados pola Xunta Directiva.

A continuación dáse conta da composición das Xuntas Directivas que temos documentadas ata o ano 1941.

Primeira Xunta Directiva: Presidente: *Antonio Riva Vázquez*; Vicepresidente: *José Vara Pérez*; Vocais: *Francisco Darriba Díaz, Pedro López Mosquera, Jesús Riva Hermida*; Depositario: *Jesús Fraga Riva*; Secretario: *Antonio Raposo Barreiro*; Porteiro avisador: *José Varela Muíño*

Segunda Xunta Directiva (Data elección 29-Abril-1923. Elexidos para os exercicios 1923-1924): Presidente: *Pedro López Mosquera*; Vicepresidente: *Rafael Varela Amor*; Secretario: *José Sánchez Martínez*; Vocais: *Manuel Carro Vales, Leonardo Sánchez Vázquez, Agustín Tomé Fernández*; Depositario (interino): *Jesús Fraga Riva*.

Reestruturación da Segunda Xunta Directiva. En xaneiro de 1924, prodúcese unha reestruturación da Xunta Directiva, xa que o seu Presidente, Pedro López Mosquera presenta a súa dimisión por motivo de ausentarse ao estranxeiro.

Polo tanto prodúcense os seguintes cambios: Presidente (o Vicepresidente): *Rafael Varela Amor*; Vicepresidente (o Vocal): *Leonardo Sánchez Vázquez*; Vocal (interino): *Antonio Riva Rodríguez*.

Terceira Xunta Directiva. (Data elección: 17-Febrero-1925). Presidente: *Antonio Mosteiro Rodríguez*; Vicepresidente: *José Rodríguez Darriba*; Tesorero: *José Riva Vázquez*; Vocais: *Pedro Manso García, José Fraga Bugallo, Francisco Cotos Castrillón, Joaquín Campos Vales*; Secretario: *Antonio García Manso*.

Cuarta Xunta Directiva. (Data elección: 31-Xaneiro-1927). Presidente: *José Gayoso Tomé*, Vicepresidente: *José Rodríguez Crespo*, Secretario: *Antonio Barallobre Gayoso*; Vocais: *Angel Vázquez Fiaño, Manuel Mosquera Vázquez, Martín López García, Domingo Valeiro Vía, José Purriños Castrillón*; Depositario: *Eugenio Crespo Noguero*.

Quinta Xunta Directiva. (Data elección: 18-Xaneiro-1929). Presidente: *Rafael Varela Amor*; Vicepresidente: *José Fuentes Faraldo*; Vocais: : *Antonio Mosquera González, Leonardo*

*Sánchez Vázquez, Antonio Carro Santaya, Manuel Lata*, Secretario: *Agustín Tomé Fernández*; Depositario: *Eugenio Crespo Noguerol*; Porteiro avisador: *José Riva Otero*  
Sexta Xunta Directiva (Data elección: 25-Xaneiro-1931). Presidente: *José Sánchez Martínez*, Vicepresidente: *Jesús Faraldo Neira*; Secretario: *Pedro López Lendoiro*; Vocais: *Manuel Carro Vales, Manuel Pérez Martínez, Pedro Manso García, Francisco Cotos Castrillón*; Depositario: *Eugenio Crespo Noguerol*; Porteiro avisador: *Antonio Faraldo Neira*.  
Sétima Xunta Directiva (Data elección 29-Xaneiro-1933). Presidente: *José Fraga Bugallo*; Vicepresidente: *Antonio Raposo Barreiro*; Secretario: *Antonio García Manso*; Vocais: *José Carro Varela, Antonio Sánchez Rico, Antonio Purriños Cagiao, Eugenio Crespo Castro*; Depositario: *Eugenio Crespo Noguerol*; Porteiro avisador: *José García Santaya*.  
Oitava Xunta Directiva (Data elección: 17-Febrero-1935). Presidente: *Antonio Mosteiro Rodríguez*; Vicepresidente: *José Vara Pérez*; Secretario: *Agustín Tomé Fernández*; Depositario: *Eugenio Crespo Noguerol*; Vocais: : *Manuel Mosquera Vázquez, Antonio Carro Santaya, Daniel Maceiras Maceiras, José Gayoso Tomé*; Porteiro avisador: *Eduardo López Villamarín*.  
Novena Xunta Directiva (Data elección: 21-Abril-1937). Presidente: *Antonio Barallobre Gayoso*; Vicepresidente: *José Fuentes Faraldo*; Secretario: *Antonio Darriba Rodríguez*; Depositario: *Germán Purriños Cagiao*; Vocais: *Jesús Babio, Manuel Estrada, José López, Pedro Rodríguez*; Porteiro avisador: *José Riva*.

Reestruturación da novena Xunta Directiva. En Maio de 1938, falece o Depositario *Germán Purriños Cagiao*, sendo substituído por *Manuel Purriños Graña*. Posteriormente, en Outono de 1938, noméase a *Antonio Purriños* como Depositario, por ter que incorporarse a filas *Manuel Purriños Graña*.

Décima Xunta Directiva (Data elección: 13-Marzo-1939). Presidente: *Manuel Tomé Rodríguez*; Vicepresidente: *Leonardo Sánchez Vázquez*; Secretario: *Vicente Varela López*; Vocais: *Pedro Manso García, Manuel Lata Espiño, Antonio Faraldo Neira, Andrés Ois Docampo*.

Décimo primeira Xunta Directiva (Data elección: 6-Xaneiro-1941). Presidente: *José Roca Freire*; Vicepresidente: *José Darriba Santaya*; Secretario: *Aquilino Valeiro Otero*; Depositario: *Antonio Barallobre Gayoso*; Vocais: *Manuel González Dobén, Jesús Sánchez Rico, Enrique Cotos Gayoso, Andrés García Pena*; Porteiro avisador: *Francisco Pérez Barral*.

#### 1.4. As contas

Tal como se deixa dito, os ingresos da Sociedade Protectora de Ganados Vacúns de Coirós, procedían basicamente das achegas realizadas polos socios, en forma de cotas de entrada e cotas mensuais.

ANO	INGRESOS	GASTOS	SALDO
1922	690'00 pts	690'00 pts	0'00 pts
1923	5.113'80 pts	5.113'80 pts	0'00 pts
1924	2.713'00 pts	2.532'00 pts	181'00 pts
1925	Non hai datos		
1926	Non hai datos		
1927	1.986'00 pts	1.986'00 pts	0'00 pts
1928	1.838'00 pts	1.838'00 pts	0'00 pts
1929	1.605'00 pts	1.605'00 pts	0'00 pts
1930	3.307'00 pts	3.307'00 pts	0'00 pts
1931	1.602'00 pts	Non hai datos	
1932	1.230'00 pts	1.230'00 pts	0'00 pts
1933	1.372'00 pts	1.352'00 pts	20'00 pts
1934	1.880'00 pts	1.824'00 pts	56'00 pts
1935	1.480'00 pts	1.454'00 pts	26'00 pts
1936	1.612'00 pts	1.509'00 pts	103'00 pts
1937	Non hai datos		
1938	1.780'95 pts	1.757'50 pts	23'25 pts
1939	4.739'25 pts	4.556'40 pts	182'85 pts
1940	5.065'50 pts	4.695'00 pts	370'50 pts
1941	6.124'75 pts	5.975'00 pts	149'75 pts

Táboa 1. Balance contable. Período 1922 a 1941.

As cotas anuais estaban establecidas en 1 peseta e 25 céntimos, por cada res asegurada, e as cotas mensuais a satisfacer ascendían a 25 céntimos de peseta por cada res asegurada.

Os gastos máis comúns que soportaba a sociedade eran os orixinados polas indemnizacións por morte ou accidente do gando asegurado, así como por gastos veterinarios e os propios do funcionamento burocrático da sociedade.

O primeiro balance do que dispuxemos para este traballo, corresponde ao ano 1922, que reflicte os seguintes datos: Ingresos: 690 pts; Gastos: 690 pts.

Na táboa 1 resúmense os datos de contabilidade existentes entre os anos 1922 e 1941, única franxa temporal da que se dispón. Os gastos que aparecen como máis habituais son os correspondentes a indemnizacións por morte ou inutilización de reses. Tamén se documentan os gastos de aluguer de local, que no ano 1939 ascendían a cincuenta pesetas, e os gastos de escritorio así como honorarios a veterinarios e outros de menor cuantía.

## 2. SOCIEDAD DE GANADOS VACUNOS «LA PROTECTORA» DE COLLANTRES Y ARMEA

### 2.1. Introducción

Seis anos despois de constituída a primeira Sociedade de ganados vacúns do concello de Coirós, e seguindo a senda da descrita anteriormente de San Xulián, xurde outra que vai ter por campo de acción ás parroquias de Colantres e Armea.

Así, o día 1 de marzo de 1924, reúnense varios veciños das parroquias de San Salvador de Collantres e de San Vicente de Armea, co fin de constituír unha sociedade protectora de ganados vacúns que se denominará «*La Protectora*». Deste feito dáse conta na Certificación estendida polo que foi o seu primeiro Secretario, D. Antonio Buyo Espada:

*«Antonio Buyo Espada, Secretario de la Sociedad de Ganados Vacunos «La Protectora» de Collantres y Armea, en Coirós, Certifico de que esta sociedad celebró junta general de Constitución el día primero de Marzo de mil novecientos veinticuatro, en su local social, parroquia de Collantres, lugar de Queirís número treinta y dos».*

Ao igual que a constituída no ano 1918 en San Xulián de Coirós, a de Colantres e Armea ten como obxecto redimir aos socios que forman parte da mesma, da perda que sufran nos animais que teñan asegurados. A efectos de valoración do seguro, establecíanse dúas clases de animais: reses de 1ª clase con un valor asegurado de 500 pesetas, e reses de 2ª clases con un valor asegurado de 400 pesetas. Esta valoración era realizada pola Xunta Directiva no momento en que se daba entrada a unha res na sociedade.

Os socios debían pagar unha cantidade por cada res asegurada, que variaba en función da categoría da mesma. Así para reses de primeira clase, aseguradas en cincocentas pesetas, o socio pagaba unha cota de entrada de unha peseta e vinte e cinco céntimos, e unha cota mensual de vinte e cinco céntimos; para reses de segunda clase, asegurada en catrocenas pesetas, pagaba unha cota de entrada de unha peseta, e unha cota mensual de vinte céntimos.

### 2.2. Socios fundadores e capital asegurado (1-marzo-1924)

Cando se constituíu a sociedade «*La Protectora*» o número total de socios era de vinte e dous, con un capital asegurado de 27.700 pts. segundo se reflicte na táboa 2.

En febreiro de 1925, o número de número total de vacas aseguradas era de sesenta e unha, das cales corenta e unha tiñan un valor de 500 pesetas e as vinte restantes de 400

pesetas. Nesa mesma data o capital asegurado ascendía a 28.500 pesetas.

No ano 1941, os socios acordan subir as reses de primeira que eran de 600 pesetas a 750 pesetas, e as de segunda que eran de 500 pesetas a 650 pesetas. Este dato supón que desde a súa creación no ano 1924 e ata a reforma do ano 1941, as valoracións do gando asegurado tiveron que sufrir unha variación intermedia que non se atopa documentada, e que se cifrou nun aumento de 100 pesetas para as dúas clases.

No ano 1934 o número de socios era de vinte e sete.

### 2.3 Xuntas Directivas

Segundo o seu Regulamento, a Sociedade «*La Protectora*» estaría rexida por unha Xunta Directiva composta por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, catro Vocais, un Depositario e un Porteiro avisador, todos eles nomeados pola Xunta Xeral e para un período de dous anos.

A continuación damos conta da composición das distintas Xuntas Directivas das que temos constancia documental:

Xunta Directiva elixida o 1-Marzo-1924. Presidente: *Jacobo Docampo Crespo*; Vicepresidente: *Salvador Rodríguez Crespo*; Depositario: *José María Otero Pena*; Secretario: *Antonio Buyo Espada*; 1º Vocal: *Rosendo Vidal García*; 2º Vocal: *Manuel Crespo Castro*; 3º Vocal: *Antonio Vázquez García*; 4º Vocal: *José Sánchez Alvarez*; Porteiro avisador: *Manuel Cernadas*.

Xunta Directiva elixida o 27-Decembro-1925 (*rexirá durante os anos 1926 e 1927*). Presidente: *Jacobo Docampo Crespo*; Vicepresidente: *Salvador Rodríguez Crespo*; Depositario: *José Otero Pena*; Secretario: *José Golpe Taín*; 1º Vocal: *José Sánchez Alvarez*; 2º Vocal: *Rosendo Vidal García*; 3º Vocal: *Manuel Crespo Castro*, 4º Vocal: *Ambrosio Rodríguez Santiago*; Porteiro avisador: *Manuel Cernadas*.

Xunta Directiva de 1928 (*Elixida o 25-Decembro-1927*): Presidente: *Jacobo Docampo Crespo*; Secretario: *José Golpe Taín*; Tesorero: *José Otero Pena*; Vocais: *José Sánchez Alvarez*, *Ambrosio Rodríguez Santiago*, *Manuel Crespo Castro*, *Rosendo Vidal García*, *Salvador Rodríguez Crespo*; Porteiro: *Manuel Cernadas*.

Xunta Directiva de 1929 (*Elixida o 25-Febreiro-1929, para os anos 1929 e 1930*): Presidente: *Salvador Rodríguez Crespo*; Vicepresidente: *Manuel Crespo Otero*; Secretario: *Antonio*

Nome do Socio	Capital Asegurado
Jacobo Docampo Crespo	1.400 pts
Salvador Rodríguez Crespo	900 pts.
José María Otero Pen	2.000 pts
Ambrosio Rodríguez Santiago	1.400 pts
Rosendo Vidal García	800 pts
Manuel Crespo Castro	800 pts
Antonio Vázquez García	1.200 pts
José Sánchez Alvarez	1.600 pts
Manuel Cernadas N.	800 pts
Ursula Muñio García	1.400 pts
Andrés Sobrino Gómez	1.000 pts
Francisco López Rodríguez	800 pts
José Golpe Taín	4.800 pts
Andrés Seoane Calvo	800 pts
Joaquín Crespo Rodríguez	1.500 pts
José Sánchez Fernández	1.400 pts
Manuel Crespo Fariñas	900 pts
Silvestre Valeiro Via	800 pts
María Otero	1.000 pts
María Manuela Otero Pena	1.000 pts
Ramona Seoane Carballeira	900 pts
Jesús Parga Carro	500 pts

Táboa 2. Socios e capital asegurado. Ano 1924.

*Buyo Espada*; Depositario: Joaquín Crespo Rodríguez; Vocais: Manuel Estrada Morado, José Sánchez Alvarez, José Otero Pena, Manuel Muiño Crespo, Manuel Crespo Fariñas; Porteiro: Manuel Cernadas.

Xunta Directiva de 1933 (*Elixida o 4-Abril-1933*): Presidente: Manuel Estrada Morado; Vicepresidente: Rafael Valeiro Sánchez; Secretario: José López Vales; Tesoreiro: José Otero Pena; Vocal 1º: José Muiño Crespo; Vocal 2º: Manuel Crespo Fariñas; Vocal 3º: Salvador Rodríguez Crespo; Vocal 4º: Jesús Estrada Morado.

Xunta Directiva de 1934 (*Elixida o 20-Xuño-1934*): Presidente: Manuel Estrada Morado; Secretario: José López Vales; Tesoreiro: José Otero Pena; Vocal 1º: Salvador Rodríguez Crespo; Vocal 2º: José Muiño Crespo; Vocal 3º: Manuel Crespo Fariñas; Vocal 4º: Jesús Estrada Morado.

Xunta Directiva de 1935 (*Elixida o 14-Abril-1935*): Presidente: Manuel Estrada Morado; Secretario: Manuel Vía Parga; Tesoreiro: José Otero Pena; Vocal 1º: Salvador Rodríguez Crespo; Vocal 2º: Manuel Crespo Fariñas; Vocal 3º: José Muiño Crespo; Vocal 4º: Jesús Estrada Morado.

Xunta Directiva de 1936 (*Elixida o 29-Febrero-1936*): Presidente: Jesús Estrada Morado; Vicepresidente: Raimundo Espiño Servia; Tesoreiro: Domingo A. Méndez Vales; Secretario: Manuel Vía Parga; Vocal 1º: Rafael Valeiro Sánchez; Vocal 2º: Manuel Crespo Castro; Vocal 3º: Andrés García Sánchez; Vocal 4º: Andrés Sobrino Gómez; Porteiro: Andrés Estrada Crespo.

Xunta Directiva de 1938 (*Elixida o 6-Xaneiro-1938*): Presidente: Rafael Valeiro Sánchez; Vicepresidente: José Manso Barrós; Secretario: Manuel Vía Parga; Tesoreiro: Antonio Cernadas Santaya; 1º Vocal: Salvador Rodríguez Crespo; 2º Vocal: José Otero Pena; 3º Vocal: José Estrada Moradas; 4º Vocal: José Muiño Crespo.

Xunta Directiva de 1939 (*Non consta data de elección. A Certificación da Acta é de data 2-Abril-1939*): Presidente: Ramón Vázquez Crespo; Vicepresidente: José Manso Barrós, Secretario: Antonio Crespo Fraga; Tesoreiro: Antonio Cernadas Santaya; Vocais: Manuel Estrada Morado, José Otero Pena; José Muiño Crespo, Salvador Rodríguez Crespo. Porteiro: Manuel Balado Pérez.

Xunta Directiva de 1940 (*Elixida o 29-Xaneiro-1940*): Presidente: Ramón Vázquez Crespo; Vicepresidente: José Manso Barrós; Secretario: Antonio Crespo Fraga; Tesoreiro: Antonio Cernadas Santaya; Vocais: Manuel Crespo Castro, Rafael Valeiro Sánchez, Jesús Ons Otero, Juan Edreira Rodríguez; Porteiro: Manuel Quintián Tizón.

ANO	INGRESOS	GASTOS	SALDO
1925	743'10 pts	18'00 pts	725'10 pts
1926	Non hai datos		
1927	239'10 pts	848'40 pts	- 609'40 pts
1928	930'25 pts	802'75 pts	130'25 pts
1929	1.568'00 pts	1.568'00 pts	0'00 pts
1930	Non hai datos		
1931	Non hai datos		
1932	566'65 pts	500'00 pts	66'65 pts
1933	1.381'90 pts	1.378'65 pts	3'25 pts
1934	187'80 pts	0'00 pts	187'80 pts
1935	973'95 pts	912'75 pts	61'20 pts
1936	Non hai datos		
1937	371'20 pts	24'30 pts	346'90 pts
1938	536'25 pts	148'80 pts	356'20 pts
1939	982'25 pts	622'65 pts	359'60 pts
1940	842'25 pts	43'00 pts	799'25 pts

Táboa 3. Balance contable. Período 1925 a 1940.

## 2.4, As Contas

Fundamentalmente os ingresos da Sociedade proviñan das cotas de entrada e das cotas que mensualmente abonaban os socios polas reses aseguradas. Como gastos, os máis numerosos son os destinados a indemnizacións por perdas ou accidentes de gando, así como os propios do funcionamento da Sociedade.

Tamén atopamos gastos de servizos veterinarios. Entre estes destacamos o abonado no ano 1929 ao veterinario D. Juan Rof Codina por vacinación do gando, por un importe de noventa e unha pesetas. Juan Rof Codina foi, para moitos, o responsable das melloras introducidas no campo galego no primeiro terzo do século XX, decidido partidario do asociacionismo agrario e colaborador de sindicatos de labregos e gandeiros.

Destacamos un gasto aparecido no ano 1940 de corenta e tres pesetas, polo concepto de «*Gastos del Balance anterior y sueldo del Secretario*». Xa que é no único balance no que aparece o soldo do Secretario, non se pode afirmar se realmente este o tiña establecido ou se refire a abono de gastos do mesmo.

Na táboa 3 reflíctese o resume dos balances correspondentes ao período de 1925 a 1940.

## 2.5. Outros datos de interés

Na época de funcionamento destas sociedades, existía un férreo control sobre as asociacións de calquera tipo, e sobre os seus cargos directivos, levada a cabo polas autoridades gubernativas. Este férreo control queda patente no requirimento feito polo Gobernador Civil da Provincia con data trinta de xaneiro de mil novecentos corenta, dirixido ao xefe da Comandancia da Garda Civil. Nel solicitábase: «*Encarezco a V.S. me informe de la conducta y antecedentes de las personas que constituyen la Sociedad de ganado vacuno de Collantres (Coirós)*».

Presidente: Ramón Vázquez Crespo, Vicepresidente: José Manso Barros, Secretario: Antonio Crespo Fraga, Tesorero: Antonio Cernadas Santaya, Vocales: Manuel Crespo Castro, Rafael Valeiro Sánchez, Jesús Ons Otero, Juan Edreira Rodríguez, Portero: Manuel Quintián Tizón.

Como contestación a este requirimento, pola Comandancia da Garda Civil remítese con data vinte e dous de febreiro, o seguinte informe:

*«En contestación a su atento escrito del Negociado 3º, número 360, fecha 30 del mes anterior, relacionado con informe de los individuos que a continuación se citan, Directivos de la Sociedad de Ganados vacunos de Collantres (Coirós); tengo el honor de emitirlos a V.E., como sigue:*

Presidente, Ramón Vázquez, es de buena conducta, antes del Glorioso Movimiento Nacional era de ideología de izquierdas, moderado, desde aquella fecha observa buena conducta en relación con la Causa Nacional y está conceptuado como afecto a la misma.

Vice, José Manso, es de buena conducta, de la misma ideología que el anterior, moderado, se considera afecto al Glorioso Movimiento Nacional.

Secretario, Antonio Crespo, de buena conducta y antecedentes, apolítico, y es afecto a la Causa.

Tesorero, Antonio Cernadas, de buena conducta moral, pública; de ideología de izquierdas moderado, se considera afecto a la Causa Nacional.

Vocal, Manuel Crespo, buena conducta moral y pública, era de ideología de izquierdas, moderado, se considera afecto a la Causa Nacional.

Jesús Ons, de buena conducta y de la misma ideología que el anterior. Juan Edreira y Manuel Quintián, de buena conducta moral pública y privada, apolíticos y están conceptuados como afectos al Glorioso Movimiento Nacional.»

Tamén era habitual que os documentos oficiais procedentes das Sociedades se encabezaran ou se asinaran con frases alusivas ao réxime político que imperaba naquel preciso momento. Así, en documentos datados no ano 1934, en tempos da República, atopamos como antefirma a frase «*Salud y República*».

Posteriormente, a partir do ano 1936, moitos dos documentos dirixidos ao Gobernador Civil, levan o encabezamento de «*Saludo a Franco. Viva España*», e como antefirma a frase «*I Año Triunfal*», «*II Año Triunfal*» ou «*III Año Triunfal*». Tamén é habitual atopar despedidas como a que sigue: «*Dios guarde a Vd muchos años por el bien de la Patria*».

#### FONTES CONSULTADAS:

Arquivo do Reino de Galicia (ARG).  
GC. 32135/11;  
GC. 32135/12;  
GC. 32107/26

